

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE, A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG), A ASOCIACIÓN DE AXENCIAS DE VIAXES DE GALICIA (AGAVI), A ASOCIACIÓN DE TUOPERADORES RECEPTIVOS DE GALICIA (ATREGA) E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AXENCIAS DE VIAXES DE PONTEVEDRA (AVIPO) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XACOBEO XOVE

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra, D^a Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.



Doutra parte, D. Cesáreo González Pardal, en calidade de presidente da Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG), con NIF G70377338 , e domicilio a efectos de notificacións no Edificio Centro Emprendimento (Coworking) Cidade da Cultura de Galicia Monte Gaias, s/n 15707, Santiago, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG do 20 de decembro de 2022 e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da entidade.

Doutra, D. Juan Antonio Rivadulla Fernández, actuando en nome e representación da Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia (AGAVI), NIF G70063029, en calidade de presidente.

Doutra, D. Jesús Francisco Ares Vázquez, actuando en nome e representación da Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA), con NIF G70616669, en calidade de presidente.

E doutra, D^a. M^a del Mar Rodríguez Meseguer, actuando en nome e representación da Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (AVIPO), con NIF G36751022, en calidade de presidenta.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

Que a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA), representa máis do 95 % do volume da turoperación receptiva de Galicia, con case 250 millóns de facturación e unha presenza no mercado nacional na totalidade de axencias da Península (8.000 axencias en España e case 1.000 de Portugal), representando e fornecendo a axencias online e tamén aos principais turoperadores internacionais que operan para Galicia.

Que AGAVI é unha asociación sen ánimo de lucro, cuxa finalidade principal é representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus asociados, atendendo ás súas necesidades de información, formación e asesoramento, e que nace cunha especial vocación de defensa dos intereses específicos das empresas nela encadradas, con independencia da súa denominación. AGAVI conta con 96 socios, supoñendo mais de cen puntos de venta de axencias con sede fiscal en Galicia. A facturación de AGAVI representa mais do 90% da facturación das axencias de viaxes galegas, ao redor dos 350M. As súas actividades desenvolveranse no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



E que a Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (AVIPO), situada en Vigo, foi creada en 1983. Refundada en 1992, AVIPO é membro de CEAV (Confederación Española de Axencias de Viaxes) desde a súa fundación en 2006, estando así en todo momento en continuo contacto con diferentes asociacións e Federacións de todo o territorio nacional. Na actualidade, conta entre os seus asociados con diferentes axencias de viaxes tanto maioristas como minoristas, axencias receptoras de Galicia, axencias especializadas en MICE e axencias de viaxes emisoras. Entre os seus asociados achegan un volume de facturación de máis de 150 millóns de euros.

Ambas asociacións representan a práctica totalidade do volume de facturación das axencias de viaxe galegas, o que sumado ao 95 % do volume da turoperación receptiva de Galicia que representa a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA), supón que as tres asociacións, co apoio do Clúster de Turismo, sexan os únicos que poden desenvolver o obxecto do convenio de xeito completo.

Terceiro.-Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude segundo o disposto no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

De conformidade co disposto no citado Decreto 124/2022, do 23 de xuño, correspóndenlle a este órgano, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil e o fomento da participación da mocidade na vida social.

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia dedica o capítulo VI do Título II aos Carnés de servizos á xuventude e, no artigo 18, inclúe o Carné xove entre os servizos á



xuventude. A finalidade destes carnés, conforme ao previsto no artigo 29 da lei, é promover determinados beneficios relacionados co acceso a bens e servizos de carácter cultural, deportivo, recreativo, de consumo, de transporte e outros de análoga natureza.

En consonancia co exposto, A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, promove o Programa Carné xove entre os mozos/as de 12 a 30 anos, conforme ás estipulacións do "Protocolo de Lisboa" do 1 de xuño de 1987 e as súas posteriores modificacións, e de acordo coas directrices da European Youth Card (EYCA).

O Carné xove formalízase como unha tarxeta persoal e intransferible que acredita ao seu titular como beneficiario dos servizos que leva aparelados tanto en Galicia como no resto das comunidades autónomas españolas e nos 40 países europeos adheridos ao programa Carné Xoves Europeo.

Cuarto.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As diferentes medidas que se adoptaron para controlar e minorar a crise sanitaria tiveron unha repercusión moi negativa no sector, que foi un dos que presentou unha maior afectación económica e de perda de emprego.

Na actualidade, a inestabilidade económica xerada polo conflito ucraíno e a súa repercusión sobre os prezos de produción e prestación de servizos, así como a diminución na capacidade de consumo e gasto da persoa usuaria turística, fai necesario que a Administración autonómica siga desenvolvendo iniciativas que permitan reactivar e relanzar o sector, propiciando a súa recuperación económica.

Así mesmo, tras bater récords de peregrinos no 2022, é necesario expor accións de reforzo nun ano postXacobeo, que tradicionalmente adoita comportarse con caídas no número de peregrinos

Quinto.- Que fronte ás xeracións anteriores, os mozos e mozas cambiaron o seu modo de viaxar. As axencias de viaxe, o aloxamento en hoteis tradicionais ou os paquetes de viaxe estandarizados non son a priori o que esta xeración busca. A mocidade busca viaxes



emocionais nos que poidan vivir unha nova experiencia, explorar e interactuar cos locais. Van máis aló da viaxe tradicional, buscando o turismo experiencial, que se podería definir como a forma de turismo na que o viaxeiro se enfoca en gozar dunha rexión conectando coa súa historia, xente e cultura.

O Camiño de Santiago foi unha vía de comunicación, lugar de encontro de culturas e xerador dunha vida social e económica que deu lugar á formación de cidades e vilas e, consecuentemente, a unha transformación da paisaxe, trazos todos eles que o dotan desa impresionante riqueza cultural e histórica merecedora de respecto e protección.

Na actualidade, a peregrinación a Compostela atrae a persoas de todas as idades. Segundo as estatísticas da Oficina do Peregrino, hoxe en día, aproximadamente 3 de cada 10 persoas que solicitan a Compostela teñen 30 anos ou menos.

Cómpre por tanto incidir na promoción da realización do Camiño pola xente moza, o que reforzará o futuro do camiño, así como potenciar o papel das axencias de viaxes como mecanismo que ofrece as maiores garantías ás persoas viaxeiras.

Sexto.- Que no citado contexto e co obxectivo de articular, a través das axencias de viaxe galegas, un mecanismo que incentive a elección do Camiño de Santiago como experiencia turística para o público mozo propónse un plan de actuación mediante un convenio de colaboración con Turismo de Galicia para o desenvolvemento e implementación dunha serie de medidas que fomenten o camiño como experiencia turística para o público mozo.

De tal xeito crearanse paquetes turísticos co obxecto de promocionar o Camiño de Santiago entre a poboación moza. Poderase incluír a oferta de actividades na contorna próxima ao aloxamento, potenciando o produto local ou de proximidade, a través da promoción do turismo da zona, mellorando o seu coñecemento polo visitante e fomentando o uso e consumo de recursos turísticos.



Baixo esta idea, enténdese como necesaria a participación as tres asociacións de axencias de viaxes galegas, AGAVI, ATREGA e AVIPO, ademais do Clúster de Turismo, como entidades asinantes do convenio para o impulso do Camiño de Santiago entre os usuarios do Carné Xove debido a que aglutinan entre elas a todas as empresas de intermediación da nosa comunidade e a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser as citadas Asociacións as únicas entidades que poden desenvolver o seu obxecto de xeito completo, xa que son as entidades máis representativas no ámbito da Comunidade autónoma que aglutinan ás axencias de viaxe comerciantes polo miúdo e aos touroperadores receptivos.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Política Social e Xuventude, Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG), a Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia (AGAVI), a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA) e a Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (AVIPO) para a creación dun programa denominado Xacobeo Xove que reactive a actividade turística dos mozos e das mozas no Camiño a través da súa comercialización a través das axencias de viaxes.



As características do programa son as seguintes:

- As axencias de viaxes crearán un paquete turístico innovador no Camiño de Santiago coa finalidade de dinamizar e promocionar o Camiño de Santiago e o fenómeno xacobeo entre a poboación moza.
- Os paquetes poderán comercializarse ás persoas titulares do carné xove. Por tanto deberán ter o carné xove activado e estar no rango de idade para o seu uso (rango de idade de 18 a 30 anos).
- Crearanse paquetes turísticos de calidade, recollendo para as persoas titulares do carné xove unhas condicións económicas mais beneficiosas que faciliten a súa comercialización neste colectivo, cun cofinanciamento do paquete da experiencia do Camiño de 200 €.
- Os paquetes turísticos serán comercializados polas axencias de viaxes minoristas cun prezo especial que incluírá un desconto de 200 euros sobre o custo do mesmo para as persoas usuarias do carné xove.
- As axencias de viaxes minoristas acreditarán ao Clúster de Turismo o número de paquetes turísticos vendidos que inclúan o citado desconto.
- Debe consumirse nun percorrido do Camiño en Galicia: Francés, Portugués Interior, Portugués Costa, Inglés, Primitivo, Norte, Vía da Prata, Inverno, Muxía Fisterra, Roteiro do Mar de Arousa e río Ulla.
- As estadias realizaranse ata o 10 de decembro de 2023.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 1.000.000€ (IVE incluído) co seguinte desagregamento:

EIXO	ACCIÓN	IMPORTE
Eixo 1	Comunicación	150.000



Deseño da campaña e elaboración de materiais audiovisuais		15.000
Plan de comunicación dixital e Campaña dixital		90.000
Plan de comunicación offline e Campaña offline		45.000
Eixo 2	Creación e comercialización de produto	750.000
Cofinanciamento dos Paquetes turísticos para a xente moza (máx. 3.750x200€)		750.000
Eixo 3	Asistencia técnica	100.000
Estratexia de coordinación do programa, asistencia técnica, web de soporte, servizos xurídicos, servizo de seguimento		100.000
TOTAL		1.000.000 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará a contía de 1.000.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, proxecto 2013 00004, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

A achega da Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que as asociacións asinantes obteñan beneficio ou lucro industrial algún con elas.

O obxecto do convenio será desenvolvido polas entidades asinantes de acordo coa seguinte distribución:

Eixo 1 Comunicación: 150.000

- 50.000 AGAVI
- 50.000 ATREGA
- 50.000 AVIPO

Eixo 2 Cofinanciamento dos Paquetes turísticos: 750.000

- Clúster de Turismo



Eixo 3 Asistencia técnica: 100.000

- Clúster de Turismo

En todo caso, os gastos de persoal aos que se refire o orzamento estimado serán exclusivamente os do persoal propio, ou contratado ao efecto, dedicado especificamente á execución da actividade, sen que en ningún caso se financie o gasto do persoal destinado ao funcionamento ordinario das Asociacións.

Terceira.- Compromisos das partes

1. O CTG, AGAVI, ATREGA e AVIPO comprométense a realizar o obxecto do convenio establecido na cláusula primeira, e asumen as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia de Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca turística de Galicia en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.



2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda e a colaborar na promoción dos ditos produtos turísticos.

3. A Consellería de Política Social e Xuventude comprométese a colaborar na difusión do programa poñendo a disposición, para estes fins, as súas canles de información e comunicación, nomeadamente as redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, o portal web do carné xove e o seu canal de whatsapp.

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas polas entidades asinantes nun proceso de colaboración continua coa Axencia.

A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula oitava deste convenio, as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua.

As entidades asinantes, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.



Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes. Non obstante a Axencia de Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia. As entidades serán as únicas responsables dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Xustificación

1.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia de Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e da publicidade da colaboración da Axencia de Turismo de Galicia. A memoria debера incluír a relación de axencias adheridas, de paquetes creados e comercializados e a desagregación por sexo e idade dos mozos e mozas que se acollan ao programa. Do mesmo xeito deberase especificar as accións promocionais realizadas, campañas e medios de difusión.
- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:



a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

Non obstante, a documentación establecida nas letras a) e b) deste punto poderá ser substituída por factura emitida pola entidade á Axencia de Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración. Neste último caso deberá achegar un certificado ou declaración responsable que acredite que o importe facturado non é superior ao gasto realizado de xeito que se garanta a ausencia de lucro para a entidade conveniente.

- Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **15 de decembro de 2023**.



3º.- Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade, procederá o pagamento que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Sétima.- Pagamento

O pagamento por parte da Axencia de Turismo de Galicia efectuarase a cada unha das entidades asinantes de acordo coas súas obrigas de execución segundo o sinalado na cláusula segunda do seguinte xeito:

Para o eixo 1:

- No prazo máximo dun mes desde a sinatura do convenio, unha contía máxima de 25.000 € a cada unha das entidades executoras, tras a presentación do plan de comunicación do programa. Para isto, a entidade deberá enviar a factura e o plan de comunicación proposto ou os xustificantes sinalados na cláusula sexta.

Para o eixo 2:

- Estableceranse pagos parciais que responderán ao ritmo de execución das accións, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada por cada 300 paquetes comercializados. Para isto, a entidade deberá enviar a factura e un informe que defina



o alcance das comercialización dos paquetes ou os xustificantes sinalados na cláusula sexta.

Para o eixo 3:

- No prazo máximo dun mes desde a sinatura do convenio, unha contía máxima de 50.000 €, tras a presentación da estratexia de coordinación e seguimento do programa. Para isto, a entidade deberá enviar a factura e un informe que defina o alcance das actividades de coordinación e seguimento do programa, ou os xustificantes sinalados na cláusula sexta.

A contía restante ata o máximo establecido no convenio para cada un dos eixos, unha vez rematadas as actividades, levarase a cabo unha vez xustificada a totalidade do convenio por parte das entidades, que debe facerse coa entrega, antes do remate do prazo de xustificación, da documentación estipulada na cláusula sexta.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A Comisión concretará as características do programa proposto así como as condicións de financiamento para asegurar a súa viabilidade, dentro da achega máxima a que se obriga a Axencia Turismo de Galicia coa sinatura deste convenio e establecida na cláusula segunda.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.



Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e



do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física



ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

E, en proba de conformidade, e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Jesús Francisco Ares Vázquez

M^a Nava Castro Domínguez

Pola Asociación Clúster Empresarial de
Turismo de Galicia

Cesáreo González Pardal

Pola Asociación de Turoperadores
Receptivos de Galicia (ATREGA)



Pola Consellería de Política Social e
Xuventude

Fabiola García Martínez

Asociación de Axencias de Viaxes de
Galicia (AGAVI)

Juan Antonio Rivadulla Fernández

Pola Asociación Provincial de Axencias de
Viaxes de Pontevedra (AVIPO)

M^a del Mar Rodríguez Meseguer

